



# AS TRADUCCIONS IBÉRICAS DE *OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE*

**Xosé Manuel Dasilva**  
Universidade de Vigo

Moi pouco de esaxeración ten o xuízo de que *Os vellos non deben de namorarse* simboliza, por múltiples motivos, a máis relevante mostra teatral do patrimonio literario galego<sup>1</sup>. É, non en van, a obra dramática das nosas letras que en maior número de ocasións apareceu como libro desde que orixinalmente saíu do prelo, editada por Galaxia, en 1953, e constitúe, de igual xeito, o texto máis veces posto en escena logo de que tivese lugar a súa estrea, primeiro, no Teatro Mayo de Buenos Aires, con grande éxito de público e de crítica, o 14 de agosto de 1941, e, a seguir, no Teatro Solís de Montevideo, con acollida parella, o 8 de outubro do mesmo ano. Como é sabido, a representación corría daquela a cargo dun grupo de actores galegos integrantes da Compañía Galega Maruxa Villanueva, dirixidos por Manuel Varela Buxán, e contaba mesmamente coa valiosa colaboración de Castelao no deseño de diversos elementos escenográficos<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> Velaquí, por exemplo, unha estimación de Manuel María que non conduce a engano: “*Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso R. Castelao, está aceptada unánimemente como a máxima obra teatral gallega de todos os tempos, juicio que compartimos de lleno” (1970: 16).

<sup>2</sup> Así evocaba o actor Fernando Iglesias, Tacholas, intérprete do personaxe de don Ramonciño, a transcendencia que tivo a estrea da obra: “En 1940 llego Castelao a Buenos Aires, y al poco tiempo leyó a un grupo de amigos su obra teatral *Os vellos non deben de namorarse*, y éstos le aconsejaron que viese actuar a la compañía Maruja Villanueva, ya que, por su dominio del gallego, sería la única capaz de interpretarla; así lo hizo, y con el interés y entusiasmo de todos se ensayó con la dirección del autor, para estrenarla en agosto de 1941, en el Teatro de Mayo. Fue un éxito importante en el ambiente teatral y cultural de Buenos Aires, repitiéndose en el Solís, de Montevideo: todo lo trabajado con la vigilancia de Castelao dio su fruto: las caretas sobre sus diseños de cada personaje fueron hechas por el escultor compostelano Domingo Maza, y pintados con un realismo sorprendente por Castelao; luego, la búsqueda de un color, un ademán o una inflexión de voz en los actores dio como resultado una verdadera fiesta de luz y color, repetida en cada representación” (Iglesias 1970: 25). Con respecto ao éxito desta primeira representación da obra é interesante, por outra banda, reparar no seguinte testemuño referido por Blanco Amor: “Eis o que son as cousas: esta obra imaxinada para Pontevedra, estréase nun gran teatro de Buenos Aires coas máximas gabanzas da crítica e con esta anécdota que non podo menos de engadir aquí. Esa noite levei comigo ao teatro a James Graham, da School of American Ballet, que estaba na Arxentina, á fronte da xira do American Original Ballet, que, por aqueles días estaba arrebatando de entusiasmo ao público desta urbe, un dos máis informados do mundo en materia de espectáculos, coas súas representacións de *ballet integral*. Pois Graham díxome que nada tiña ollado en Nova York, nos últimos anos, que contivese tanta suma de orixinalidade e tan extraordinaria posibilidade dunha montaxe de grande espectáculo como a obra de Castelao. E deixo costancia aclaratoria de que non tiña que ter comigo ningunha clase de cumprimentos, pois acabamos de coñecernos nunha reunión social, e nin sequera sabía que eu era galego. Sen a interferencia da guerra, ou da súa prolongación, estaba no posíbel que a obra se houbese estreado en Nova York” (Blanco Amor 1986: 91-92). Ata o dramaturgo Alejandro Casona eloxiosamente se fixo eco naqueles días de *Os vellos non de ben de namorarse*: “La presente temporada en Buenos Aires nos ha traído la revelación de Castelao como dramaturgo en el escenario del teatro Mayo, con su obra inicial

Precisamente unha das razóns máis poderosas que afianzan o privilegiado lugar que corresponde asignar a *Os vellos non deben de namorarse* é, sen dúbida, o abundante número de montaxes das que ten sido obxecto ao longo do tempo. Despois da estrea mencionada en Buenos Aires e en Montevideo, en Galicia por desgracia a obra só se poría sobre as táboas por primeira vez o 25 de xullo de 1961, na praza da Quintana, en Santiago de Compostela, gracias á iniciativa da Agrupación Coral *Cantigas e Agarimos* baixo a dirección de Rodolfo López Veiga. De forma curiosa, algúns poucos días máis tarde, o 14 de agosto, a peza teatral de Castelao tamén se habería dar ao público, agora na praza de touros da Coruña, posta en escena pola Asociación Cultural Iberoamericana conducida por Antonio Naveira Goday<sup>3</sup>.

Amáis doutros moitos proxectos sobre *Os vellos non deben de namorarse* que, desde estas dúas representacións pioneiras, se levaron a cabo en Galicia ata hoxe<sup>4</sup>, é necesario destacar xustamente as diferentes tentativas que teñen xurdido fóra das nosas fronteiras como unha outra causa importante

---

titulada *Os vellos non deben de namorarse*, que constituyó una de las veladas más interesantes del año teatral, aunque haya resbalado sin mayor huella sobre el espectador desprevenido” (Casona 1941: 46). Non só o que escribiu o autor de *La dama del alba*, mais tamén outras crítica recollidas por Ricardo Palmás revelan a aceptación tan favorable de que foi obxecto aquela estrea: “A obra acadou gran suceso, especialmente entre o público e a crítica non galegas. Exemplo disto son os conceptos do crítico do xornal bonaerense *El Mundo*:

Aquel sentido plástico y sensual que alienta en las tragedias bárbaras de Valle-Inclán se ha enraizado en la sensibilidad de otro artista español: Alfonso R. Castelao. También trae a la escena este autor un soplo renovador que lo baña con fragancia del cancionero y acrimonías de la picaresca. Noutro xornal, *La Nación*, comentábase ao día seguinte da estrea: Ha construido su pieza con un sentido cabal de farsa antigua, impregnándola con un aire de delicada sugestión del arte de la ficción que va desde el tono candoroso y sutil de la comedia del siglo XVII y del XVIII, a ratos Moliere, a ratos Goldoni, para pasar frecuentemente a la ruda expresión del esperpento que tuvo en D. Ramón del Valle-Inclán su cultor predilecto y máximo (...). El espíritu que alienta en la obra de referencia tienen un aspecto de extraordinaria universalidad (Palmás 1976: 12-13).

<sup>3</sup> Manuel María apuntou a significación que acadou a montaxe de *Os vellos non deben de namorarse* en Santiago: “Este estreno constituyó tal vez el espectáculo teatral más importante que se produjo en Galicia en todos los tiempos. A esta representación asistieron más de quince mil espectadores” (1970: 9). Salientáronse algunha vez, igualmente, as consecuencias tan vantaxosas que tivo esta montaxe: “Es a partir de los años sesenta cuando se opera el milagro y surge nuevamente la afición que reclama la vivencia del teatro gallego, si bien queda ésta limitada a las minorías de rigor. (...). Este renacimiento coincide, y hasta diríamos que se provoca, con el estreno en Santiago de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, llevado a cabo en memorable representación realizada por el grupo *Cantigas e agarimos*, en la Quintana” (Magán Blanco 1970: 29). En todo caso, lamentablemente a resposta crítica non foi moi positiva perante estas dúas postas en escena mencionadas. Véxase, po exemplo, o que se dixo entón con relación á representación feita en Santiago: “Preferimos el teatro visto al leído, pero en *Os vellos non deben de namorarse* nos quedamos con el libro y huímos de la representación: al menos de tal como se montó anoche la célebre farsa, interpretada por un naciente grupo de actores, a los que no se podía pedir otra cosa. (...) lástima que texto tan logrado, frases tan ingeniosas y la estilización depurada de una lengua no haya llegado al público con la fidelidad debida. (...). Quizá haya sido excesiva ambición el montaje de obra tan difícil” (A.B.S. 1961). Non máis encomiástica foi a recepción da posta en escena coruñesa da obra: “No hubo suerte, tampoco, en La Coruña con la presentación de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao”. Cómpre mencionar que, entre outras razóns, se xustificaba a escasa fortuna desta última montaxe no feito de que, dos 150 minutos que durou o espectáculo, 60 minutos polo menos se dedicasen aos cambios de decorado entre escenas. Por outra banda, hai que engadir que a estrea de *Os vellos non deben de namorarse* deparou, non obstante, unha interesante colección de colaboracións no xornal *La Noche* que sentaron as bases de futuras lecturas críticas sobre a obra. É o caso, por exemplo, de tres artigos de Aquilino Iglesia Alvariño, dous deles publicados de forma póstuma (Iglesia Alvariño 1961a, 1961b, 1961c), nos que entre cousas de valor se explica o sentido co que Castelao utilizaría a perífrase *non deben+(de)+namorarse* no título da obra, ou da reprodución de tres entregas de Manuel Rabanal, orixinalmente publicadas a finais de 1953 co gallo da primeira edición de *Os vellos non deben de namorarse* dada ao prelo por Galaxia, nas que se describe, como mérito crítico singular, a “especial rigidez simétrica que domina su estructura general y aún la mayor parte de sus soluciones parciales”, unha liña de análise logo desenvolvida por Carballo Calero (Rabanal 1961a, 1961b, 1961c). Xustamente Manuel Rabanal se encargou de publicar, polo demais, un artigo de réplica á crítica desfavorable da estrea en Santiago de *Os vellos non deben de namorarse*: “Rodolfo L. Veiga, traicionado por los elementos, presentó, montó la escena, dictó el gesto, vistió a sus personajes, impuso entonaciones y mímicas con un acierto que ni el propio autor se atrevería a menospreciar. (...). ¿No merecería la pena que *Os vellos...* fuesen repuestos, por probar, en un teatro cerrado, para una minoría, donde se oyese lo que sólo se vio, y dónde se le diese a López Veiga la justa ocasión de sacarse la espina?” (Rabanal 1961d).

<sup>4</sup> Cabe lembrar, sobre todo, o proxecto levado a cano en Ourense polo Teatro de Cámara e Ensaio Las Burgas, no que se prescindiu para algúns personaxes do uso de caretas (Membiela 1970: 30), e a versión realizada en 1977 na Coruña polo

que xustifica a posición preferente que á obra se atribúe. Cómpre referir, neste caso, a singular experiencia que se produciu en Cuba no ano 1971, cando *Os vellos non deben de namorarse* foi levada ao escenario polo Taller Dramático Valle-Inclán da Universidade Central da Habana, representándose en diferentes lugares da provincia de Camagüey, á parte de na capital da illa caribeña, con destino a numerosos traballadores que estaban a participar na tempada da *zafra*<sup>5</sup>. Tamén habería que amentar as funcións que se desenvolveron no teatro Capsa, de Barcelona, a partir do 20 de novembro de 1973, en espectáculo realizado polo grupo Bululú que mereceu un bo feixe de notas críticas por parte da prensa local (González Gómez 2001).

Canto á fortuna exterior de *Os vellos non deben de namorarse* faise preciso indicar, en concreto, as distintas montaxes que se realizaron en Portugal, sendo a primeira de todas cronoloxicamente a que se debeu en 1958 ao Teatro do Gerifalto, dirixido por António Manuel Couto Viana, en versión estreada en Santarém, no Teatro Rosa Damasceno, e mais en Lisboa, e despois ofrecida en diferentes puntos do país veciño<sup>6</sup>. A esta proposta que tivo lugar en territorio portugués, a máis antiga, probablemente, logo da estrea da obra en Buenos Aires e Montevideo dezasete anos atrás, seguiron outras en anos posteriores, como a que protagonizou en 1967 o grupo Plebeus Avintenses, baixo a dirección de Fernanda Alves e con escenografía de Manuel de Oliveira<sup>7</sup>, ou como nomeadamente o proxecto que entre 1968 e 1969 tentou levar a cabo Ricard Salvat á fronte do Círculo de Iniciação Teatral da Academia de Coimbra (CITAC), frustrado no penúltimo momento por unha censura salazarista que ademais de maneira expeditiva puña, con intervención da PIDE, ao coñecido director catalán na fronteira española<sup>8</sup>.

---

Teatro Circo de Artesáns, baixo a dirección de Manuel Lourenzo e escenografía de Xaquín Marín, onde se eliminou o epílogo co fin de evitar o ton moralizante da obra e de resaltar a súa vertente satírica. Tamén é oportuno citar, por último, as montaxes auspiciadas polo Centro Dramático Galego en 1985, en espectáculo dirixido por Eduardo Alonso, e en 2000, neste caso baixo as orientacións de Manuel Areoso.

<sup>5</sup> Neira Vilas relatou de xeito amiudado os detalles desta peculiar montaxe de *Os vellos non deben de namorarse*: “Na Habana estreouse o mesmo día que se cumprían 30 anos da estrea mundial feita na capital arxentina, é dicir, o 14 de agosto de 1971. A data foi escollida ben antes *ex profeso*. Propúxennlle obra e data ó Taller Dramático Valle Inclán, que dirixía Aldo Guasch. Valémonos da tradución ó castelán que fixera Manuel María (...). Mantivemos en galego as partes cantadas, ás que axeitamos, en cada caso, música de cantigas populares (...). A estrea foi no Salón Teatro do Centro Galego, que se encheu noite a noite. (...) E na época da zafra, cando milleiros de persoas enchían os canavais (daquela inda non estaba mecanizada a colleita da cana) o grupo Valle Inclán converteuse nunha brigada de traballo voluntario. Fóronse á provincia de Camagüey. Durante o día suaban empuñando o machete e pola noite representaban a obra de Castelao, en campamentos ou albergues e nos *bateyes* e pobos dos arredores. Cada poucos días mudaban de zona e así percorreron, nunha xeira de varios meses, toda aquela largacía provincia. O público eran veciños, campesiños, obreiros agrícolas, soldados, traballadores das cidades que se incorporaban ós traballos da zafra... Asistiron milleiros de persoas. Nunca antes contou con tanta e tan heteroxénea audiencia *Os vellos non deben de namorarse*. Souben logo por Aido que o público camagüeiano enxergou moi ben (como antes o viramos na Habana) a mensaxe desta farsa. Encaixa do mellor na idiosincrasia cubana” (Neira Vilas 1999: 5).

<sup>6</sup> Nas páxinas da revista *Vieiros* dábase noticia por parte de Luís Soto desta montaxe: “No derradeiro ano, a peza dramática de Castelao *Os vellos non deben de namorarse* foi posta en escea pola compañía do Teatro do Gerifalto na cidade de Santarém, sendo despois levada a Lisboa i a outras cidades de Portugal. O éxito artístico outido foi estraordinario e ademira a enlevada diñidade e devozón conque estivo representada a fermosa obra teatral de Castelao. Agradecemos moito a deferenza tida co gran mestre e amigo sinceiro de Portugal, pola inteitualidade portuguesa” (L.S.F. 1959).

<sup>7</sup> Esta versión foi comentada, nunha nota publicada no xornal portugués *O Século* despois reproducida en Galicia na revista *Grial*, polo novelista e daquela tamén crítico teatral Urbano Tavares Rodrigues (Sen sinatura 1967: 512-513).

<sup>8</sup> O propio Salvat relatou en repetidas oportunidades esta tentativa fracasada (Salvat 1966, 1970, 1971). Ao parecer, o texto dramático formaba.... parte dun espectáculo máis amplo titulado *Castelao e a súa época*: “(...) empezamos a pensar en montar un gran espectáculo sobre Castelao, en el que no sólo se incluyera total o parcialmente *Os vellos non deben de namorarse* sino que se incorporaran al mundo del espectáculo otros textos a-teatrales de Castelao: cuentos, sus cousas, momentos cruciales de su biografía, su pensamiento político, etc. Y así fue naciendo el espectáculo *Castelao e a súa época* que acabó resultando una reflexión sobre Castelao en sus múltiples facetas y sobre esa Galicia que a todos nos duele (...)” (1970: 36).

Particularmente é moi interesante recordar, a propósito deste proxecto inconcluso de Ricard Salvat, o espírito que alentaba entón a posta en escena en terras lusas de *Os vellos non deben de namorarse*. En efecto, tratábase, segundo as palabras do propio director, de artellar a partir do texto de Castelao unha montaxe sobre todo de signo ibérico, aínda que o espectáculo se planease desde Portugal e se decidise optar inicialmente pola utilización da lingua portuguesa como vehículo expresivo:

(...) pensé que la obra de Castelao podía ser un buen puente de diálogo entre las culturas ibéricas. Desde Galicia, y a través de Castelao, la cultura portuguesa entraba en contacto con la cultura castellana y también con las otras culturas peninsulares. La dirección del C.I.T.A.C. aceptó con entusiasmo la idea, y nos desplazamos a Lugo y a Vigo para entrevistarnos con Luis Seoane, Isaac Díaz Pardo, Xesús Alonso Montero, Méndez Ferrín, E. Blanco Amor, etc. En esta primera entrevista se habló de la posibilidad de representarla en gallego o en una versión portuguesa. Después de muchas dudas se acordó adaptarla al portugués en aras de una mayor comprensibilidad, sobre todo pensando en los públicos populares de aldeas y pueblos portugueses para los que iba destinado, en un principio, el espectáculo. En la primera entrevista de Vigo, Luis Seoane aceptó encargarse de la recreación plástica de la obra e Isaac Díaz Pardo aceptó encantado ayudarnos con su orientación y consejo no sólo a Seoane sino al colectivo de trabajo del C.I.T.A.C. (Salvat 1970: 36).

Débese apuntar, polo demais, que este proxecto así concibido tiña o seu precedente na vontade xa de vello de Ricard Salvat por incorporar *Os vellos non deben de namorarse*, desde a periferia galega, ao panorana teatral español:

Desde que leí la obra hace ya algunos años por indicación de mi amigo Xesús Alonso Montero, pensé que era una obra necesaria e imprescindible en el repertorio de un verdadero teatro nacional español, o aún más, ibérico. (...). Si algún día alguien se plantea la verdadera funcionalidad de un teatro nacional creo que deberá partir de las aportaciones de las diferentes dramáticas nacionales y no partir del criterio centralista y discriminador del cual se viene partiendo desde hace demasiados años (Salvat 1970: 35).

A oportuna evocación daquela dobre tentativa de Ricard Salvat hai que relacionala, de modo ineludible, coa desaforada controversia que suscitou a última, polo de agora, posta en escena de *Os vellos non de namorarse*, da responsabilidade de Manuel Guede. Estreada en Madrid, en lingua castelá, o 12 de abril de 2002, esta experiencia tan recente acadou preto de setenta representacións durante tres meses, inicialmente nesta capital, onde permaneceu en cartel ata o 9 de xuño, e de seguido en Salamanca e Galicia.

Non cabe dicir, na verdade, que fose esta a primeira vez que a obra de Castelao se representaba en castelán, pois en versión traducida xa se ofrecera, como antes se dixo, no ano 1971 en Cuba e dous anos despois en Barcelona. Si era a primeira vez, emporiso, que *Os vellos non de namorarse*

se daba aos espectadores madrileños no seu idioma, como consecuencia da colaboración do Centro Dramático Galego co Centro Dramático Nacional e o Centro Cultural de la Villa de Madrid.

Máis alá do desafiante argumento manexado por parte do director do Centro Dramático Galego de que esta versión era froito do bilingüismo que atinxe á sociedade galega<sup>9</sup>, convén chamar a atención sobre o feito de que o transvase lingüístico de *Os vellos non deben de namorarse* se xustificase desde certas posicións, en sintonía dalgunha maneira co espírito ibérico daquel malogrado proxecto de Ricard Salvat antes aludido<sup>10</sup>, como un acto de normalización cultural, isto é, como unha ocasión propicia para o encontro posto que nunca antes o Centro Dramático Nacional representara un autor peninsular que non escribise en castelán. Nestes termos o expuña José Ramón Fernández, director do Centro Dramático Nacional, defendendo así a libre circulación no ámbito hispánico dos respectivos produtos literarios de cada comunidade:

Si el actual régimen democrático ha permitido recuperar autores y obras fundamentales para nuestro acervo, una actitud campanilista ha provocado que en estas dos últimas décadas se hayan perdido culturas compartidas. Un ejemplo: nadie en los años treinta dejaría de poner Terra baixa de Guimerá entre las obras capitales del teatro español de aquella época. Hoy, Guimerá sólo existe en Cataluña. Tal vez esta iniciativa del Centro Dramático Galego, Centro Dramático Nacional y Centro Cultural de la Villa de Madrid, sea síntoma y ejemplo de esa superación de los murallones (Fernández 2002: 8-9).<sup>11</sup>

Agora ben, unha acesa polémica axiña abrochou, como é coñecido, diante da intención de ofrecer aos espectadores galegos, só nun contadísimo número de funcións, hai que o dicir así, esta versión traducida ao castelán de *Os vellos non deben de namorarse*, o que se considerou un agravio manifesto no que resulta importante, polo seu relevo, deterse aínda que tan sequera sexa só un momento.

Débase lembrar, como punto de partida, que a campaña contra a representación nos escenarios galegos de Castelao en lingua non galega constituía a primeira acción pública da *Mesa pola Normalización Lingüística* na nova etapa marcada pola directiva que viña de saír elixida nunha ben rifada confrontación. Todo consistiu en convocar concentracións de protesta en Pontevedra e Santiago de Compostela, lugares previstos para a exhibición

<sup>9</sup> Non menos que unha defensa dese bilingüismo se aprecia nas seguintes palabras de Manuel Guede: “Esta tarde, en algún momento del ensayo percibí, una vez más, el enorme privilegio que representa habitar dos lenguas. De repente, el castellano, este castellano (...), adquirió, en la boca de los actores, resonancias inéditas. Yo, de tanto convivir con aquel diálogo en idioma gallego, tenía para él una lectura, un marco, una intención. Inesperadamente, recibirlo en una prosodia nueva modificó su paisaje, se impregnó de otra lluvia, alteró situaciones y registros: enriqueció la escena, ofreciéndose más irónica” (Guede 2002a: 106).

<sup>10</sup> Tamén José Monleón expresara, en dirección semellante, a necesidade de que se dese a coñecer no resto do Estado Español a aposta teatral, e non só literaria, que Castelao concibira para a obra: “*Os vellos non deben de namorarse* tiene, atendiendo a su texto, sobre todo en gallego, un encanto innegable, una libertad madura, un humanismo cordial, una ironía agrisulce y civilizada, una imaginación rigurosa. Pero, sobre todo, y más allá del hipotético tono menor que pudiese achacarse al texto, la obra es, en el marco general del teatro español, una hermosa convocatoria de los elementos no literarios, una apasionante lucha, más allá de cualquier esteticismo o superficial búsqueda de un *teatro total*, por sacar a la escena de sus límites convencionales y poner en ella una imagen ancha, múltiple, viva, orgánica, popular y clara de su Galicia recordada y de su propia experiencia de hombre” (Monleón 1970: 33).

<sup>11</sup> Outra motivación que se aduciu, mais xa de carácter secundario, foi a achega que esta versión supuña para ver encarnados os protagonistas masculinos da obra por actores aos que a idade daqueles lles cadraba mellor, gañando así o texto en creto dramático no canto de subliñarse só os seus compoñentes de farsa.

da obra, e en difundir un manifesto, co título “O CDG, o idioma e o diñeiro público”, relativo á suposta aldraxe perpetrada polo Centro Dramático Galego con este espectáculo sobre *Os vellos non deben de namorarse*. Os argumentos utilizados nese manifesto, pouco máis desenvolvidos a seguir mediante artigo na prensa polo presidente de tal colectivo, limitábanse en última instancia a lamentar que con orzamentos galegos se favorecese a posta en escena de Castelao en castelán<sup>12</sup>. Pola súa parte, o coordinador da versión obxecto dos ataques, Manuel Guede, destacaba principalmente a oportunidade que significaba a circunstancia de que o Centro Dramático Nacional incorporase ao seu repertorio un autor español de lingua non castelá<sup>13</sup> e, asemade, queixábase de que se esquecese que o mesmo tipo de colaboración se mantivera en idénticas condicións con algunha compañía portuguesa, sen iso provocar no seu momento ningunha clase de resposta negativa<sup>14</sup>.

Na polémica entre a *Mesa pola Normalización Lingüística* e o responsable do Centro Dramático Galego participaron aínda outras voces con algunhas consideracións que non parece aconsellable deixar de consignar. É o caso de García Negro, por unha banda, para quen a versión en castelán de *Os vellos non deben de namorarse* resultaba absolutamente prescindible desde o momento en que a autenticidade da obra só se dá atopado no orixinal galego, amais do risco que tal versión supuña, ao seu xuízo, como forma de asimilación da figura de Castelao por parte do sistema literario español<sup>15</sup>.

<sup>12</sup> “O que reprobamos firmemente é o gasto de diñeiros públicos galegos para representar Castelao traducido na Galiza, ali onde menos falta fai que se traduza, e onde tanto se necesita aínda difundir sen distorsións a súa obra. (...). Pretendeu-se demostrar que o noso problema é considerar un sacriléxio representar Castelao en español, como se os que defendemos o galego fósemos cabezas de cemento incapaces de comprender por onde vai o mundo. Non ocorre nada porque se represente Castelao en español, mesmo na Galiza, e isto non é claudicar de nengun principio normalizador. Contodo, esta afirmación precisa de importantes matices. En primeiro lugar, que non é lóxico que isto o pague o CDG, que foi criado para outras metas que fican lonxe de se conseguiren (...).” (Callón 2002). No que atinxe ao alcance desta apreciación, é forzoso lembrar que, no concerto mundial do tráfico de produtos literarios, os sistemas máis febles acostuman a subvencionar a traducción de obras súas a outras linguas, e mesmo en ocasións con independencia da fortaleza de tales linguas. En Galicia hai que mencionar, en concreto, as convocatorias da Consellería de Cultura de subvencións para a traducción de obras escritas e publicadas orixinariamente en galego. No ámbito lusófono, por outro lado, débese deixar constancia do importante papel desempeñado a este respecto polo Instituto da Biblioteca Nacional e do Livro, de Portugal, e polo Ministério da Cultura, a través da Fundação Biblioteca Nacional, do Brasil.

<sup>13</sup> “Cativa bagaxe teórica a de usar argumentos *ad hominem* para acusar o director do Centro Dramático Galego (CDG) de ambicións persoais e intereses particulares sobre o proxecto de facer a Castelao no Centro Dramático Nacional (CDN). Nada diso se corresponde coa verdade. O Centro Dramático Nacional invitou a participar ó CDG nun proxecto no que por primeira vez na súa historia se incorporaba a un autor español de lingua non castelá ó seu repertorio. Que o CDG declina-se esta participación sería irresponsabilidade absoluta” (Guede 2002). Unha opinión parecida tamén a expresou Paz Gago: “Un texto gallego, de Castelao, con un director gallego, Manuel Guede, al frente de la primera compañía institucional del Estado: esto es Historia, con mayúscula” (Paz Gago 2002).

<sup>14</sup> Tratábase do Centro Dramático de Viana do Castelo, a propósito de *O colaborador*, de F. Dürrenmatt: “Tamén o ano pasado o director do Centro Dramático Galego se desprazou a Viana do Castelo (Portugal) para dar conta, na liña de diálogo aberta co teatro portugués, da dirección dun espectáculo posteriormente exhibido en Galicia. Paradoxalmente isto no foi motivo de anatemas nin de carraxe de aitolás, aínda que lle podo asegurar que as tres representacións que se fixeron en Compostela non foron en galego, senón en portugués” (Guede 2002).

<sup>15</sup> “Expliquemo-nos brevemente. Se algo subliñou Castelao *ad nauseam* é que *Os vellos non deben de namorarse* era unha obra de arte galega, unha farsa conectada á materia social e económica galega, unha *artimaña escénica* só intelixíbel en clave galega e desde o coñecimento da socioloxía galega. Cando *Os vellos non deben de namorarse* se estrea, en Buenos Aires, en 1941, fai-se en galego. Sesenta anos despois, como se a historia non existise, temos que aturar que se represente, en Pontevedra e en Santiago de Compostela, en español, *importada* desde Madrid... O círculo do esperpento fechado...” (García Negro 2002: 24). Como xa quedou dito, no mesmo traballo García Negro axeca o perigo de que esta versión en castelán de *Os vellos non deben de namorarse* respondese á intención de apropiarse, desde o sistema literario español, de autores galegos monolingües: “¿Trata-se de *forzar a máquina* para naturalizar como bilingües autores, como Castelao, que mesmo fixeron gala do seu propositado monolingüismo (...)?”. Non é momento este de deterse a debater tal consideración, mais si debe quedar dito, alomenos, que a forma máis común que o sistema literario español practica para fagocitar autores galegos, cataláns e vascos, algúns deles aparentemente ata monolingües, é a autotraducción, ou sexa, a traducción ao castelán que os propios autores adoitan realizar das súas obras galegas, ás veces mesmo con farturas liberdades de toda condición (Dasilva 1999: 10-11).

Tamén interveu na controversia, por outro lado, Alonso Montero, autor da versión en castelán escollida para esta posta en escena, quen con argumentos dificilmente refutables se expresaba a prol, como cabe comprender ben, de que a peza dramática se representase na proposta artística realizada polo Centro Dramático Nacional alomenos catro veces en Galicia, dúas en Pontevedra e dúas en Santiago de Compostela<sup>16</sup>.

Tal vez non estea de máis explicar, cando xa veu a menos o lume da polémica referida nas liñas anteriores, que *Os vellos non deben de namorarse* é o texto galego con máis traducións –excepción feita, tal vez, de *Cantares gallegos* e *Follas novas*– ás linguas da Península, o que en certa forma está en consonancia con aquel pensamento de Ricard Salvat de orientación iberista en liñas anteriores comentado. En efecto, da peza teatral de Castelao é posible enumerar unha versión en portugués –de Alberto da Costa e Manuel dos Passos–, outra versión en éuscaro –de Antonio Ma Labaien–, en castelán dúas versións íntegras –de Manuel María e Xesús Alonso Montero, esta última revisada en posteriores edicións– e unha versión parcial –de Ricardo Carballo Calero–, sen esquecer a noticia dunha versión en catalán, nunca rematada que se saiba, que Salvador Espriu estaría a preparar nos anos sesenta<sup>17</sup>, así como outra versión en catalán, esta si finalizada aínda que, ata hoxe, inédita –de Jordi Domènech Soterias<sup>18</sup>. Trátase dun balance, segundo se verifica sen esforzo, nada cativo, e que, por outra parte, confirma aquela sentenza do propio Castelao cando expresaba, no discurso de presentación á segunda estrea de *Os vellos non deben de namorarse* en Montevideo, que

las creaciones del espíritu no se adaptan a las fronteras de la nación y que las obras de arte vuelan como los pájaros por encima de las fronteras (Castelao 1941: 87).<sup>19</sup>

Todo iso, de calquera forma, sen que o autor rianxeiro deixase de defender, como agregaba no mesmo discurso, que

no hay obra de arte capaz de resistir el juicio del tiempo que no lleve el cuño de una nacionalidad; por extenso que sea su imperio jamás pierde el aroma de la tierra y del momento en que fue creada (Castelao 1941: 87-88).

<sup>16</sup> “Que o Centro Dramático Español non tivese connosco a cortesía de ofrecernos esas catro simbólicas representacións sería case unha aldraxe” (Alonso Montero 2002b). Alonso Montero non deixou de referir a súa estupefacción polo xeito de protesta con que a obra foi acollida en Santiago por parte dalgúns manifestantes: “(...) asisto, en Santiago, á representación de *Los viejos no deben enamorarse*, cobizoso de oí-la miña traducción, e, ó entrar no teatro, media ducia de mozos (con carauta, como na farsa de Castelao), recíbenme cunha pancarta en inglés (sic) en que me chaman heroe”. Contra as mesmas protestas así se pronunciaba, por outro lado, Díaz Pardo: “Estes días andaban polas rúas e os medios uns rapaces novos inconformes con que se teña verquido ao castelán *Os vellos non deben de namorarse* levado a Madrid e posto en escea polo Centro Dramático Galego e o Centro Dramático Nacional. A protesta medrou cando por atención do Centro Dramático Nacional presentouse en Santiago a versión castelán da obra. Coido que se trata dun contrasentido, mais eu discúlpo, pois cousas así máis disparatadas as teño feito eu polos meus 15 anos”.

<sup>17</sup> Ricard Salvat indica que foi el quen lle suxerira ao insigne escritor catalán se lle interesaba trasladar a obra, convite que ao parecer este aceptou con moito entusiasmo (1970: 35). Desde Galicia chegaron a dar noticia de tal proposta de traducción Epifanio Ramos (1968: 87) e Alonso Montero (1982: 27).

<sup>18</sup> Debo a suxestión da posible existencia desta traducción catalana de *Os vellos non deben de namorarse* a Pere Comellas, da Universitat de Barcelona, quen ma comunicou *in extremis* unha vez ultimado o presente estudio.

<sup>19</sup> Estas palabras hai que as pór en relación co que xa Castelao afirmaba no ano 1930 na súa conferencia “O galeguismo na arte”: “A cantos rifan connosco por razóns de universalismo é ben dicirlles que xamais ollamos a ningún paxaro tropezar en ningunha fronteira. E se non tropezan os paxaros, ¿como podían tropezar os nosos sentimentos e os nosos ideais?” (Castelao 1930: 155).

Certamente, é un exercicio de interese levar a cabo a análise de cada unha das traducións ibéricas de *Os vellos non deben de namorarse* enriba aludidas, por canto esta tarefa pode axudar a comprender, cando non máis, de qué xeito se ten cumprido a idea de Castelao que se acaba de transcribir<sup>20</sup>.

A primeira de todas estas traducións ibéricas é, en orde cronolóxica, a versión portuguesa que en 1958 sae á luz, baixo o título *Os Velhos não Devem Namorar*, por iniciativa da editorial Contraponto, no número catro, tras senllos títulos de Ibsen, Molière e António Ferreira, da colección *Teatro no Bolso*, cun prólogo de Rodrigues Lapa publicado anos antes na revista lisboeta *Seara Nova*<sup>21</sup>. Débese dicir que esta versión, a cal posúe, por outra parte, co mérito histórico de ser a primeira tradución dunha obra galega ao portugués, está na base daquela posta en escena, con anterioridade citada, que realizaba no mesmo ano o Teatro do Gerifalto. A circunstancia de que se fixese orixinariamente para a escena e non para a lectura, unha diferenza que adoita ser non pouco decisiva á hora de trasladar textos teatrais (Cary 1960; Mounin 1969; Santoyo 1989), é o que explica que nesta tradución se prescindira do escrito titulado “Indicacións”, disposto polo propio Castelao, como é sabido, para orientar con algunhas suxestións plásticas a primeira montaxe da obra.

Na versión portuguesa de *Os vellos non deben de namorarse* é obrigádo resaltar, como trazo dominante, o excelente grao de comprensión que os tradutores mostran da lingua de partida, algo que non é moi común, desgraciadamente, na maioría das traducións lusas de textos literarios galegos cando estas non contan coa axuda, por paradoxal que iso sexa, da correspondente versión en castelán. Non é de dubidar que este máis que aceptable entendemento do orixinal é o que dá lugar, case sempre, ao achado de boas solucións expresivas. Valla como exemplo, entre outros moitos que se poderían reproducir, o que sobre don Saturio di Lela, na compañía do seu carabineiro, ás Mulleres coas que fala no Primeiro lance:

Quén? Don Saturio? Meu probe! Atreveríase él a falar-me de casamento? E iba eu a consentir-llo! Un vello que xa non rexe coas pernas! Valente comenencia me dábades! Non; é outro... outro máis novo. E de por parte bó mozo: pero que non me entrou pol-os ollos, e velahí. (TO)<sup>22</sup>

Quem? O sr. Satúrio? Pobre homem! Atrevia-se lá a falar-me em casamento. Nem eu lho consentia! Um velho que já entorta as pernas! Valente conveniência, que vocês me arranjavam! Não, é outro... outro mais novo. Além de tudo bom moço. Mas não me caiu no gosto, pronto. (VP)

<sup>20</sup> Sen embargo, é imprescindible acrecentar que as relacións de Castelao co feito tradutor non deixan de resultar conflictivas. Se ben o autor rianxeiro non nega a posibilidade, como se vén de comprobar, de que unha obra galega sexa vertida noutras linguas sen que por iso teña que perder o seu cuño orixinal, o mesmo non se pode dicir, polo contrario, de trasladar ao galego textos foráneos, posto que para Castelao a creación autóctona sempre debería desempeñar un papel de preponderancia exclusiva no noso sistema literario en detrimento de calquera modo de importación textual (Dasilva: 2001).

<sup>21</sup> No colofón dise que esta versión “foi aprovada pela Comissão de Censura e classificada para maiores de 17 anos”.

<sup>22</sup> Para maior fluidez na transcripción das citas pertencentes a *Os vellos non deben de namorarse*, optouse por empregar as seguintes abreviaturas: TO: texto orixinal; VP: versión portuguesa; MM: versión de Manuel María; AM<sub>1</sub>: versión primeira de Alonso Montero; CC: versión de Carballo Calero; AM<sub>2</sub>: versión segunda de Alonso Montero; AM<sub>3</sub>: versión terceira de Alonso Montero.



Outra proba sería a elección tan atinada que se ofrece para o termo metafórico co que a nai de Pimpinela, no comezo do Terceiro Lance, se refire ao Mozo:

Non reparas na qué che espera se te casas con ese cuspe? (TO)

Não reparas no que te espera se casares com esse zé-ninguém? (VP)

Ou tamén a descrición que como personaxe se aplica a Micaela:

Rapaza parafuseira, de touciños duros. (TO)

Moça matreira, de carnação rija. (VP)

O alto nivel de calidade desta versión portuguesa non exclúe, así a todo, algunhas eivas claras e outros defectos que, aínda susceptibles de discusión, ao final non o son tanto mesmo que ao primeiro así o pareza. Neste último grupo incluíriase a caracterización do personaxe do Carabineiro, que na tradución figura un pouco afastada do posible sentido do orixinal:

O Carabineiro: Catador de lupandas, disposto a unha nova vida. (TO)

O Carabineiro: Conquistador barato, disposto a uma vida nova. (VP)

As acepcións de “lupanda” en galego como ‘enchente’ e ‘esmorga’ non se axustan ben ao sintagma “conquistador barato” que presenta a versión portuguesa, mais en favor desta escolla hai que dicir que, como traductor, Alonso Montero lle outorgou criterio de autoridade, mediante consignación explícita en nota a pé de páxina, desde a súa primeira versión da obra ao castelán:

El Carabinero: Catador de mujeres fáciles, dispuesto a una nueva vida. (AM)<sup>23</sup>

Xa no apartado das eivas fóra de toda dúbida, non moitas tampouco, segundo antes se dixo, para ter a menos esta tradución portuguesa de *Os vellos non deben de namorarse*, pódese mencionar, en tanto mostra moi puntual, a equivalencia “filha dum cevado” que se prefere para a imprecación “filla do maroutallo”, dirixida polo Demo á Porca no Segundo lance, dado que o vocábulo portugués “cevado”, como substantivo, fai referencia a ‘porco’ ou, de xeito figurado, a ‘individuo gordo’. Tamén cumpriría traer a colación, no mesmo Segundo lance, o que Don Ramón lle espeta a seu pai verbo do carácter da nai, onde como equivalente do adxectivo “remilgosa” xorde “de cabelinho na venta”, en realidade elemento fraseolóxico que denota en lingua portuguesa ‘ter mau génio, ser irritável’.

Soamente logo de doce anos de se publicar esta primeira versión noutro idioma de *Os vellos non deben de namorarse*, cun resultado, repítase, máis do que digno, ha saír do prelo a segunda tradución ibérica da obra, agora en castelán, da responsabilidade de Manuel María. No ano 1970, inserida no número monográfico que a prestixiosa revista *Primer Acto* consagraba a Castelao e ao teatro galego, onde colaboraban autores como o propio poeta

<sup>23</sup> “En gallego *catador de lupandas*. *Lupanda* en gallego es ‘comilona’, acepción por la que yo no me inclino. Prefiero ‘mujer fácil’ que no registran los diccionarios usuales y que coincide con la versión portuguesa que conocemos (*conquistador barato*). ¿Tiene *lupanda* algo que ver con *lupa*, *lupanar*, etc.?” (p. 89).

chairego, Bautista Álvarez, Manuel Lourenzo, Xesús Alonso Montero, José Monleón e Ricard Salvat, esta traducción aparecía destinada á lectura, co obxectivo de aproximar o texto dramático de Castelao aos receptores españois<sup>24</sup>. Nese sentido, faise interesante atender á intencionalidade nididamente iberista na que se amparaba a traducción, conforme se percibe nas seguintes palabras da nota editorial que abre o devandito número monográfico de *Primer Acto*:

*Primer Acto*, que ha luchado siempre, desde sus inevitables condicionamientos de revista domiciliada en Madrid, por la descentralización del teatro y la divulgación de las manifestaciones dramáticas escritas en las diferentes lenguas españolas (...), tenía, lógicamente, que dedicar un número a la obra de Castelao y al teatro gallego (Sen sinatura 1970: 6).

A seguinte traducción de *Os vellos non deben de namorarse* en castelán hase deber a Alonso Montero, e como proposta de forma consciente distinta da versión que se acaba de describir de Manuel María, aínda que se destine tamén á lectura máis que á representación, publícase na súa primeira edición, pois máis tarde sería obxecto de varias revisións, no ano 1974, inaugurando a reputada colección *Letras Hispánicas* da editorial Cátedra<sup>25</sup>. O volume, de deseño monolingüe, titulábase *Cuatro obras*, e amais da peza teatral íntegra recollía, tamén de forma completa, *Un ollo de vidro e Retrincos*, á parte dalgúns escritos e conferencias agrupados baixo o epígrafe “Varia”.

Con independencia do criterio individual que como é comprensible está detrás de moitas escollas, a principal disparidade entre estas dúas versións corresponde ao feito de que a de Alonso Montero estea xustificada cunha longa serie de minuciosas notas a pé de páxina, as cales obedecen á vontade de alicerzar con razoamentos sólidos a selección de determinadas solucións perante unha obra, coma esta de Castelao, en opinión do mesmo traductor de tanta complexidade en abundantes anacos:

Confieso que la traducción el castellano me costó Dios y ayuda, sobre todo, en algunas secuencias, la de Rafael Dieste, a quien consulté más de una vez, consciente yo, no solo de su pericia lingüística en general sino de su conocimiento del gallego de Rianxo, que era su dialecto natal y fue, también, el de Castelao. Independientemente de ciertos localismos, hay en *Os vellos* tales expresiones populares y fraseología tan *enxebre* (castiza) que, en ocasiones, no me fue posible encontrar equivalentes adecuados en los sociolectos humildes del castellano. En la escena II del acto segundo soy capaz de traducir *galdrapa esgallada* por *pingajo roto*, pero no quise poner mis manos de traditore en los insultos proferidos por El Demonio: *Filla do maroutallo. Zuncurrundullo*. Me limito a respetar esos dos

<sup>24</sup> De calquera forma, non hai que deixar de dicir que Manuel María non se vale da circunstancia de que esta versión teña como finalidade primordial a lectura, e non a escenificación, a fin de, por exemplo, xustificar moitas das súas eleccións ao verter ao texto, posibilidade que neste caso estaría de maneira doada ao seu alcance. Efectivamente, o traductor introduce unha soa nota aclaratoria a pé de páxina, con exactitude na escena II do Segundo lance por mor da expresión “marquesa das filloas” que se conserva na versión castelá entre comiñas: “Filloa, palabra a la que no le conocemos equivalente en castellano. Es un plato muy popular en toda Galicia, principalmente en la época invernal y, concretamente, en los carnavales”.

<sup>25</sup> Así o ha declarar o propio Alonso Montero anos despois: “(...) la traducción de Manuel María, traducción que yo, lógicamente, tuve en cuenta, si bien la mía difiere no poco de la de este traductor” (2002a: 37).

sustantivos, de fonética tan expresiva, y a poner una extensa nota, útil, creo, para los lectores con algunas exigencias filológicas (2002a: 39).

A primeira nota a pé vai xa referida ao título elixido para esta versión en castelán —*Los viejos no deben enamorarse* en lugar de *Los viejos no deben de enamorarse*, que era a opción de Manuel María—, onde se prescinde con intención deliberada da preposición *de* por interpretarse que Castelao concede valor de obrigatoriedade, máis que de probabilidade, á construción verbal:

Todo hace suponer que la perífrasis empleada reiteradamente por Castelao tiene valor obligatorio. De ahí nuestra traducción en la que omitimos *de*, ya que en castellano *deber+de+infinitivo*, en la norma culta, expresa probabilidad o aproximación. Castelao refleja en este pasaje y en otros de la obra las vacilaciones de la lengua oral gallega, durante siglos ajena a controles escolares (*AM<sub>I</sub>*: 87).

Como característica máis peculiar, pódese afirmar que a meirande parte das notas incorporadas por Alonso Montero tenden, en conxunto, a preservar a intensa pegada galega da obra de Castelao diante de receptores alleos á lingua orixinal. Iso acontece, por certo, non só cando se conservan algunhas fórmulas do texto de partida que o traductor non coida aconsellable verter ao castelán, mais tamén cando este decide explicar o significado doutros elementos dos que na lingua de chegada procura unha equivalencia. Do primeiro tipo de notas é exemplo, por recoller un caso paradigmático, o que indica Alonso Montero do vocativo “queridiñas”, utilizado por Lela no Primeiro lance cando se despide das Mulleres coas que está a conversar, con respecto á decisión de non modificar os diminutivos galegos na maioría das veces en que estes aparecen:

En esta ocasión y en alguna otra preferimos no tocar el diminutivo gallego, pues la traducción en *-ito, -illo*, etc., no aportaría el matiz de afecto, compasión, ironía, retranca, etc., de que suele hacer gala el sufijo gallego, una lengua para cuya estrategia es esencial la presencia frecuente del diminutivo (*AM<sub>I</sub>*: 100).

Ou tamén é mostra a seguinte nota, onde Alonso Montero xustifica a reprodución na versión en castelán dun esquema sintáctico do orixinal por medio do seu calco:

A la pregunta *¿Pensas que é tan ruín?* contesta: *Penso*. En castellano suele utilizarse el adverbio *sí* y en casos especiales *si+verbo*; en gallego es frecuente la utilización escueta del verbo y escasa la del monosílabo afirmativo (*AM<sub>I</sub>*: 103).

Con relación ao segundo grupo de notas, é dicir, aquelas que tentan informar ao lector en castelán acerca de expresións do texto de partida mesmo que para estas se ofrezca a tradución no texto de chegada, cabe sinalar o que se aclara verbo da referencia ao señor Fuco como “vinculeiro”, expresión do orixinal posta en castelán como “rico heredero”:

En gallego *o vinculeiro señor Fuco*. *Vinculeiro* es el primogénito que hereda todos o gran parte de los bienes de una familia. Valle-Inclán emplea *vinculero* en su teatro de temática gallega (*AM*<sub>1</sub>: 87).

De tales notas pode ser proba tamén o seguinte caso referido a unha das exclamacións do pranto co que despiden ao boticario Saturio as súas irmás:

En gallego *E levas música como os anxeliños* [*¡Y llevas música, como los niños!*]. *Anxeliño* en contextos como éste es niño pequeño muerto (...) (*AM*<sub>1</sub>: 105).

Ou é exemplo o que Alonso Montero di sobre este afago que a Nai dirixe a Pimpinela no Terceiro lance:

*Mi varita de nardo* (tan del castellano meridional) traduce el gallego *miña variña de avelao*, ya que la transposición literal, mi varita de avellano, no tiene en castellano resonancias afectivas (*AM*<sub>1</sub>: 123).

Trala traducción de *Os vellos non deben de namorarse* que fixo Alonso Montero, logo sometida, como antes se anunciou, a sucesivas correccións, no ano 1983 verá a luz unha versión do Lance terceiro realizada agora por Carballo Calero. Esta nova entrega, que non ignoraba as precedentes de Manuel María e Alonso Montero<sup>26</sup>, publicábase nunha antoloxía bilingüe de Castelao, incluída na colección *Temas de España* de Taurus Ediciones, con *Cousas* –todas as que integran a primeira edición, publicada por Lar en 1926–, *Retrincos* –os cinco contos– e *Os dous de sempre* –tres capítulos<sup>27</sup>. O mesmo Carballo Calero encargárase de aclarar qué tipo de traducción decidiu facer, moi próxima ao orixinal, tendo en conta para iso a circunstancia de que esta fose unha edición na que se reproduce tamén o texto de partida:

Hemos hecho una traducción lo más literal posible, pero procurando no caer en un castellano agallegado en demasía.

Nuestra traducción resuelve, para el que no domina el gallego, el problema de la comprensión del texto, y ello obvia la necesidad de glosario. Solamente cuando juzgamos indispensable matizar el significado de un vocablo, abordamos en nota su explicación, al mismo nivel que otras aclaraciones al texto, según el criterio que explicamos en su lugar (1983: 32).

No ano 1990, co gallo da cuarta edición do volume xa descrito *Cuatro obras*, Alonso Montero dará aos lectores a primeira revisión, de non pequena entidade segundo o testemuño do propio traductor<sup>28</sup>, da súa traducción

<sup>26</sup> O que Carballo Calero di en nota sobre a máis correcta traducción castelá para o uso metafórico que a nai de Pimpinela fai da palabra “cuspe” explícita tal coñecemento, xa que se citan as solucións para este caso escollidas polos dous tradutores anteriores (CC: 166-167).

<sup>27</sup> En calidade de editor, Carballo Calero xustificaba a súa escolma coas seguintes palabras: “Debiendo organizar una selección literaria de Castelao, que comprendiese sólo las obras de ficción, el material al que procedía recurrir para realizar la opción oportuna venía dado por la naturaleza del encargo recibido. Nos pareció que había que tener en cuenta las *Cousas*, los *Retrincos*, *Os dous de sempre* y *Os vellos non deben de namorarse*. No hemos incorporado a esta antología textos anteriores o posteriores a los citados. Hubiéramos podido insertar algo de *Un ollo de vidro*, y hasta alguna página de *Sempre en Galiza*, pero nos parece suficiente lo seleccionado, dadas las limitaciones a que nos hemos de atener” (1983: 31).

<sup>28</sup> Din as palabras de Alonso Montero: “Mi traducción de 1974 la retoqué muy a fondo en 1990” (2002a: 38).

primixenia de *Os vellos non deben de namorarse*. Á parte da incorporación dalgunha nota a pé de páxina co propósito de argumentar a versión aínda máis<sup>29</sup>, un primeiro tipo de modificacións aquí introducidas teñen que ver con illados erros de lectura e descoidos agora corrixidos:

O conto é que se casa e que se libra de quedar com-as irmáns de Don Saturio. (TO)  
 Lo cierto es que se casa y que se libra de aguantar a las hermanas de don Saturio. (AM<sub>1</sub>)  
 Lo cierto es que se casa y que se libra de quedar como las hermanas de don Saturio. (AM<sub>2</sub>)

E se a xente dá en decir que vostede é un agoiro poden apedrealo. (TO)  
 Y ya la gente da en decir que usted es un mal agüero y pueden apedrearlo. (AM<sub>1</sub>)  
 Y, si la gente da en decir que usted es un mal agüero, pueden apedrearlo. (AM<sub>2</sub>)

Qué lle imos facer! Os probes andamos pol-o mundo espostos a todo. (TO)  
 ¡Qué le vamos a hacer! (AM<sub>1</sub>)  
 ¡Qué le vamos a hacer! Los pobres andamos por el mundo expuestos a todo. (AM<sub>2</sub>)

(...) permitir que as súas mans tocasen a miña carne. (TO)  
 (...) ... (AM<sub>1</sub>)  
 (...) permitir que sus manos tocasen mi carne. (AM<sub>2</sub>)

Outras alteracións perceptibles nesta cuarta edición de *Cuatro obras* abranguen, por outro lado, a rectificación de certas solucións anteriores sospeitosas de constituíren interferencias do galego no castelán do texto de chegada:

(...) por casar con Pimpinela. (TO)  
 (...) por casar con Pimpinela. (AM<sub>1</sub>)  
 (...) por casarse con Pimpinela. (AM<sub>2</sub>)

(...) o vello agáchase. (TO)  
 (...) el viejo se agacha. (AM<sub>1</sub>)  
 (...) el viejo se oculta. (AM<sub>2</sub>)

Vós, pol-o menos, morrestes de morte natural (...). (TO)  
 Vosotros, al menos, moristeis de muerte natural (...). (AM<sub>1</sub>)  
 Vosotros, al menos, os moristeis de muerte natural (...). (AM<sub>2</sub>)

Un terceiro grupo de substitucións, o máis copioso con seguranza, amosa xa o desexo de Alonso Montero por mellorar algunhas fórmulas da súa primeira versión de *Os vellos non deben de namorarse*, como se pode apreciar nos seguintes:

<sup>29</sup> É o caso do que agora se vai elucidar, a partir do coñecemento de máis documentación, sobre as aldraxes “maroutallo” e “zuncurrundullo” que o Demo lle arroxa á Porca: “No traduzco *maroutallo* nin *zuncurrundullo*, palabras peyorativas en las que la fonética parece esencial. Aunque ausentes de los diccionarios, figuran en *Cómo falan os brañegos*, de Noriega Varela (1928), *catecismo* del gallego popular que, creo, leyó Castelaio (maroutallo: *mujer desaliñada*; zuncurrundullo: nombre, en alguna adivinanza, de la gaita)” (AM<sub>2</sub>: 145). Na primeira edición da traducción anotábase o seguinte acerca destas aldraxes: “Es evidente que en estos insultos (*maroutallo*, *zuncurrundullo*) desempeña un papel importante la fonética. Nótese que la segunda voz está ausente de los diccionarios gallegos, lo que hace suponer que es una creación coyuntural de C. Yo la he trasladado, sin más, al castellano” (AM<sub>2</sub>: 112).

Eso dos feitizos sonlle andrómenas, meu santo. Sonlle contos vellos. (TO)  
Eso de los bebedizos son engaños viejos. (AM<sub>1</sub>)  
Eso de los bebedizos son patrañas, buen hombre. Son cuentos viejos. (AM<sub>2</sub>)

E moito coidadiño connigo! (TO)  
¡Y mucho cuidado connigo! (AM<sub>1</sub>)  
¡Y mucho cuidadito connigo! (AM<sub>2</sub>)

Rapaza bonita que tolea cos panos de coores. (TO)  
Muchacha bonita, que se pirria por las ropas de colorines. (AM<sub>1</sub>)  
Muchacha bonita, que se pirra por las ropas de colores. (AM<sub>2</sub>)

Meu repoliño! (TO)  
¡Tesorito! (AM<sub>1</sub>)  
¡Capullito! (AM<sub>2</sub>)

Detras da fiestra érguense gargalladas e retesías. (TO)  
Detrás de la ventana se levantan carcajadas y discusiones. (AM<sub>1</sub>)  
Detrás de la ventana se levantan carcajadas e ingeniosas discusiones. (AM<sub>2</sub>)

(...) se te casas con ese cuspe? (TO)  
(...) si te casas con ese poca cosa? (AM<sub>1</sub>)  
(...) si te casas con ese don nadie? (AM<sub>2</sub>)

Pero tí non podes cangar c-un vellouqueiro (...). (TO)  
Pero tú no puedes cargar con un viejete (...). (AM<sub>1</sub>)  
Pero tú no puedes cargar con un vejestorio (...). (AM<sub>2</sub>)

Para que te luzas o día da festa. (TO)  
Para que te luzcas los días de fiesta. (AM<sub>1</sub>)  
Para que te luzcas el día de la fiesta. (AM<sub>2</sub>)

No ano 2002, con motivo da última montaxe de *Os vellos non deben de namorarse* por parte do Centro Dramático Galego en colaboración co Centro Dramático Nacional e o Centro Cultural de la Villa de Madrid, daríase ao prelo a segunda revisión que Alonso Montero fixo da súa tradución. As correccións non suman, neste caso, unha cantidade moi apreciable, e na meirande parte concéntranse, como o mesmo traductor puntualiza, nas letras das cancións espaxadas ao longo do texto:

Ahora (enero de 2002), por responsable indicación de Manuel Guede, reviso, no poco, mi traducción de las canciones. En efecto, me he esforzado en ofrecer unos versos que, para ser cantados, posean una métrica adecuada en la rima y en la medida de los mismos (2002a: 38).

Con todo e iso, non deixa de ser posible observar algúns cambios tamén de carácter lingüístico, aínda que moi contados, se se compara esta versión e a que xa fora corrixida na cuarta edición de *Cuatro obras*:

A este hai que baixarlle as orellas. (TO)  
 A éste hay que tirarle de las orejas. (AM<sub>2</sub>)  
 A éste hay que bajarle las orejas. (AM<sub>3</sub>)

Xa quixeran as fillas dos máis principais! (TO)  
 ¡Ya quisieran las hijas de la gente bien! (AM<sub>2</sub>)  
 ¡Ya quisieran las hijas de la gente de bien! (AM<sub>3</sub>)  
 Pimpinela fica sentada. (TO)  
 Pimpinela queda sentada. (AM<sub>2</sub>)  
 Pimpinela se queda sentada. (AM<sub>3</sub>)

O maior número de cambios introducidos na nova versión de 2002 responderá ao destino que nesta oportunidade ten a traducción, isto é, o escenario no canto da lectura que se contemplaba como finalidade primordial nas versións precedentes de Alonso Montero. Consoante esta circunstancia, a modificación máis saliente que hai que advertir é, de inicio, a supresión moi razoable tanto das notas a pé de páxina como das “Indicacións” preparadas por Castelao para a estrea da obra en Buenos Aires e Montevideo. Como é evidente, no primeiro caso sería inaudito concibir apostilas de tal natureza na traducción se os receptores son espectadores e non lectores, mentres que no segundo caso a explicación atópase no feito de que esta proposta escénica de *Os vellos non deben de namorarse* non se suxeite de forma estricta ás recomendacións ao respecto formuladas polo autor.

Haberá aínda outros detalles, motivados igualmente pola finalidade escénica da derradeira versión de Alonso Montero, que cómpre mencionar, como por exemplo a circunstancia de que non se reproduzan as caracterizacións dos personaxes que Castelao ofrece no orixinal ao comezo de cada un dos tres lances. Na mesma dirección, resulta imprescindible sinalar tamén a novidade de que agora o “Prólogo” apareza atribuído a “La Muerte”, que é como personaxe quen presenta aquí este introito da peza teatral aos espectadores, pois débese lembrar que nas “Indicacións” Castelao fixera constar que este “Prólogo” sería dito “por outa voz colocado na carátula que porta unha gran moneca de cartón”.

É ben de destacar, de certo, a constancia de Alonso Montero ao trasladar de modo escrupuloso *Os vellos non deben de namorarse* ao castelán, unha tarefa á que ao longo de case trinta anos, desde 1974 a 2002, o traductor se dedicou, segundo xa se dixo, en tres ocasións diferentes. Todo iso, ademais, sen que ata o último momento se deixase de estimar, segundo testemuñan as palabras nada fachendosas que seguen de Alonso Montero, os problemas tan arduos que a obra de Castelao encerra, en calquera caso sempre resoltos sen prexuízo da cerna galega do texto:

Porque Castelao, aquí y en tantas otras páginas, escribe con tan rigurosa voluntad de estilo en un idioma –el gallego– que está construyendo literariamente, que a veces hay formas, sugerencias y connotaciones que se pierden, en mayor o menor medida, en la versión castellana. En cualquier caso, la traducción de la que parte Manuel Guede para ofrecer en castellano *Os vellos*, que es la mía, se esfuerza en transmitir el espíritu, la atmósfera y la belleza literaria del texto gallego, y creo que, en lo esencial, lo consigue (2002a: 39).

Non debe abraiariar, nese sentido, a seguinte avaliación que sobre a súa versión o propio Alonso Montero expuña logo de tantas angueiras:

¡Mágoa que a miña tradución non teña o arrecendo estilístico do castelán de Castelao, un dos máis artísticos escritores que deu España en castelán no século XX! Repare o lector en dúas pezas de ouro: a conferencia *Galicia y Valle-Inclán* (Habana, 1938) e *A defensa da lingua galega nas Cortes Constituintes* (Madrid, 1931). Non podía ser doutro xeito nun home de tanto talento idiomático e de tan depurada vontade de estilo (2002b).

Con respecto á tradución de *Os vellos non deben de namorarse* ao castelán, como conclusión faise necesario sobrancear o valor engadido de que as tres versións existentes se deban a nomes contrastados nas letras galegas, un deles poeta —Manuel María— e os outros dous estudiosos profundos da obra de Castelao —Alonso Montero e Carballo Calero. Sen vontade en absoluto de xerarquizar a calidade de cada unha destas versións, posto que todas elas conteñen cuantiosos achados perante os desafíos que suscita o texto de Castelao, ofrécese de seguido unha breve relación tan só de exemplos pertencentes ao Terceiro lance, o único vertido polos tres tradutores, que permite identificar algúns acertos respectivos:

Rapaza bonita que tolea cos panos de coores. (TO)  
Muchacha que se vuelve loca con los pañuelos de colores. (MM)  
Muchacha bonita, que se pirra por las ropas de colores. (AM<sub>2</sub>)  
Moza bonita a quien vuelven loca los pañuelos de colores. (CC)

Anda miña variña de abelao. (TO)  
Anda, mi varita de avellano. (MM)  
Anda, mi varita de nardo. (AM<sub>2</sub>)  
¡Vamos, mi varita de avellano! (CC)

Non reparas na qué che espera se te casas con ese cuspe? (TO)  
¿No te das cuenta de lo que te espera si te casas con ese escupitajo? (MM)  
¿No te das cuenta de la que te espera si te casas con ese don nadie? (AM<sub>2</sub>)  
¿No piensas en lo que te espera si te casas con ese desdichado? (CC)

Ai, meu caravel de cera! (TO)  
¡Ay, mi clavel! (MM)  
¡Ay, capullito mío! (AM<sub>2</sub>)  
¡Ay, mi clavel de cera! (CC)

Ai, cómo te deixaches rular por un pito cairo! (TO)  
¡Ay, cómo te has dejado cortejar por un pollo desmedrado! (MM)  
¡Ay, cómo te has dejado arrullar por ese pollo sin rabo! (AM<sub>2</sub>)  
¡Ay, cómo te has dejado enamorar por un pollo desplumado! (CC)

Esvaeranse as coores que che pintou che pintou Noso-Señor a man tenta. (TO)  
Se te marchitarán los colores que te pintó Nuestro Señor a manos llenas. (MM)



Se desvanecerán los colores que te pintó Nuestro Señor a propósito. (*AM*<sub>2</sub>)  
Se desvanecerán los colores con que quiso pintarte Nuestro Señor. (*CC*)

Trocaraste n-un figo merado. (*TO*)  
Te convertirás en un higo paso. (*MM*)  
Te convertirás en un higo enfermizo. (*AM*<sub>2</sub>)  
Te transformarás en un higo estropeado. (*CC*)

Quérenche dar onzas recortadas e tí prefires lixos do ar! (*TO*)  
¡Te quieren dar onzas recortadas y tú prefieres manchas de aire! (*MM*)  
¡Te quieren dar onzas recortadas y tú prefieres la suciedad! (*AM*<sub>2</sub>)  
¡Quieren darte onzas recortadas y tú prefieres polvo del aire! (*CC*)

Dalle memorias ao señor Fuco, e cando te cases con él ráñalle o lombo c-un carozo. (*TO*)  
Dale recuerdos al señor Fuco, y cuando te cases con él, ráscale la espalda con una espiga de maiz desgranada. (*MM*)  
Dale recuerdos al señor Fuco, y cuando te cases con él ráscale la espalda con un carozo. (*AM*<sub>2</sub>)  
Dale memorias al señor Fuco, y cuando te cases con él, ráscale la espalda con un zuro. (*CC*)

No catálogo de traducións de *Os vellos non deben de namorarse* ás linguas peninsulares, unha última referencia, mesmo que pequena, débese rexistrar a propósito da versión vasca que se realizou da obra, publicada no ano 1984 en Donostia. Deuse aos lectores nunha edición bilingüe, co título *Agureok maiteindu bear ez*, encabezada por un limiar, “Galizia eta Euskal Herria”, asinado polo propio traductor, Antonio Ma Labaien. Canto á versión catalana, cómpre indicar alomenos que se trata dunha tradución inédita, hoxe custodiada no Institut del Teatre, feita por Jordi Domènech Soteras nos anos oitenta para concursar no premio de tradución Josep Maria de Sagarra, convocado pola Diputació de Barcelona

Unha vez chegados a este punto, e a xeito de conclusión, non cabe pór en dúbida á vista de todo o exposto a proxección ibérica tan largacía de *Os vellos non deben de namorarse*, ben garantida por traducións ao portugués, ao éuscaro, ao catalán e, por partida triple, ao castelán, ata o extremo de se poder afirmar que a obra teatral de Castelao é, se se elabora o cómputo correspondente, o texto galego máis veces trasladado ás linguas da Península, coa excepción se cadra de *Cantares gallegos* e *Follas novas*, conforme xa se advertiu.

Como remate, faise conveniente apelar de novo ás palabras que Castelao escribía para a estrea de *Os vellos non deben de namorarse* en Montevideo, hai máis de sesenta anos, mantendo que as obras de arte poidan voar por riba das fronteiras sempre que non perdan o recendo da terra onde nacen, sempre que toda tradución atesoure, en fin, o selo da nacionalidade de cadanseu texto de partida. En realidade, e para ben do orixinal galego, ningunha das seis versións ibéricas da obra deixan de responder a esta crenza de Castelao. Agardar o contrario, é dicir, ver minguada a esencia de *Os vellos non deben de namorarse* nalgunha desas traducións ao portugués, ao éuscaro,

ao catalán e ao castelán sería pouco menos que impensable, posto que como o propio autor rianxeiro engadía naquel mesmo discurso de Montevideo:

Así, esta obra mía no pasa de ser un simple experimento artístico; pero aunque mereciese ser traducida a todas las lenguas del mundo, jamás dejaría de ser una obra de arte gallego, porque está hecha con zumo de tierra y miel de tradición gallega (Castelao 1941: 87-88).

## **Bibliografía citada**

### **1. Edicións e traducións**

- CASTELAO, Alfonso R. *Os vellos non deben de namorarse*. Vigo: Editorial Galaxia, 1953.
- *Os Velhos não Devem Namorar*. Lisboa: Ed. Contraponto, 1958. Com um prefácio de Rodrigues Lapa. Versão portuguesa de Alberto da Costa e Manuel dos Passos.
- *Los viejos no deben enamorarse*. Traducción de Manuel María. *Primer Acto* 120 (1970): 37-55. Logo publicada en Galicia 577 (1971): 14-26.
- *Los viejos no deben enamorarse. Cuatro obras*, 3a ed. Madrid: Editorial Cátedra, 1982. 85-143. *Edición de Xesús Alonso Montero*. A 1a ed. é de 1973.
- “*Los viejos no deben enamorarse. Lance tercero*”. *Antología bilingüe*. Estudio preliminar, edición, traducción y notas de Ricardo Carballo Calero. Madrid: Taurus Ediciones, 1983. 120-145.
- *Agureok maiteindu bear ez*. Trad. de Antonio Ma Labaien. Donostia: Jaurlaritzza, 1984.
- *Els vells no s’han d’enamorar, ¿198..?* Traducción inédita de Jordi Domènech Soteras.
- *Los viejos no deben enamorarse. Cuatro obras*. Ed. de Xesús Alonso Montero. Madrid: Editorial Cátedra, 1990, 4a ed. 117-175.
- *Los viejos no deben enamorarse. Castelao. Los ojos de Galicia* (“*Os vellos non deben de namorarse*” y versión teatral de “*Los viejos no deben enamorarse*”). Madrid: Centro Cultural de la Villa de Madrid, 2002. 113-157. [Versión teatral a partir de la traducción de Xesús Alonso Montero].

### **2. Estudos**

- A. B. S. “La Quintana registró un lleno en la presentación de *Os vellos non deben de namorarse*”. *La Noche* 26-VII (1961).
- ALONSO MONTERO, X. “Introducción”. Castelao, *Cuatro obras*, 3a ed. Madrid: Editorial Cátedra, 1982. 9-39. A 1a ed. é de 1973.
- “Introducción”. Castelao, *Cuatro obras*, 4a ed. Madrid: Editorial Cátedra, 1990. 9-72.

- “Sobre la traducción (y los textos) de *Os vellos non deben de namorarse* (*Los viejos no deben enamorarse*): cuatro observaciones”. *Castelao. Los ojos de Galicia* (“*Os vellos non deben de namorarse*” y versión teatral de “*Los viejos no deben enamorarse*”). Madrid: Centro Cultural de la Villa de Madrid, 2002a. 37-40.
- “Castelao en castelán”. *La Voz de Galicia* 4-VII (2002b).
- ANGUEIRA, V. de. “Estreno de *Os vellos non deben de namorarse*”. *La Noche* 17-VIII (1961).
- BLANCO AMOR, E. *Castelao escritor*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1986. 88-93.
- CALLÓN, C. “A responsabilidade do CDG”. *El Correo Gallego* 5-VII (2002).
- CARBALLO CALERO, R. “Estudio preliminar” e “Criterios de esta edición”. *Castelao, Antología bilingüe*. Madrid: Taurus Ediciones, 1983. 7-29 e 31-32.
- CARY, E. “La traduction totale”. *Babel* 6 (1960). 110-115.
- CASONA, A. “Castelao, pintor y dramático”. José Antonio Durán, *Castelao 1886-1950*. Madrid: Ministerio de Cultura, 1986. 86-88. O texto data de 1941.
- CASTELAO. “O galeguismo na arte”. *Nós*, 80 (1930). 155-158.
- “Prólogo”. Gerardo Álvarez Limeses, *Antre dous séculos*. Pontevedra, 1934; *apud* José Antonio Durán, *Castelao 1886-1950*. Madrid: Ministerio de Cultura, 1986. 50.
- “Encol de *Os vellos...*”. *Castelao, Prosas recuperadas*, I. Ed. de Xesús Alonso Montero. Lugo: Ediciones Celta, 1974. 87-88. O texto data de 1941.
- DASILVA, X. M. “Cinco lustros de traducción literaria en Galicia”. *Ínsula* 629 (1999). 9-11.
- “Creación autóctona e literatura traducida en Castelao”. *Congreso sobre Castelao (Rianxo, 25-29 de xaneiro de 2000)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2001. 75-102.
- DÍAZ PARDO, I. “Castelao e *Os vellos*”. *La Voz de Galicia* 1-VII (2002).
- FERNÁNDEZ, J. R. “Castelao, un hombre que dibujó un país”. *Castelao. Los ojos de Galicia* (“*Os vellos non deben de namorarse*” y versión teatral de “*Los viejos no deben enamorarse*”). Madrid: Centro Cultural de la Villa de Madrid, 2002. 7-34.
- GARCÍA NEGRO, Ma P. “Castelao en español”. *A Nosa Terra* 1039 (2002). 24.
- GONZÁLEZ GÓMEZ, X. *Unha montaxe de “Os vellos non deben de namorarse” en español (Recepción da crítica teatral barcelonesa á representación da versión española da obra de Alfonso R. Castelao)*. A Coruña: Cadernos de Teatro, 2001.
- GUEDE, Manuel. “[Sen título]”. *Castelao. Los ojos de Galicia* (“*Os vellos non deben de namorarse*” y versión teatral de “*Los viejos no deben enamorarse*”). Madrid: Centro Cultural de la Villa de Madrid, 2002a. 106.
- “En defensa dos autores galegos”. *El Correo Gallego* 6-VII (2002b).
- IGLESIA ALVARIÑO, A. “¿Deber namorarse o deber de namorarse?”. *La Noche* 15-VII (1961a).
- “*Os vellos non deben de namorarse* (Primera lectura)”. *La Noche* 31-VII (1961b).

- “*Os vellos non deben de namorarse* (Segunda lectura)”. *La Noche* 1-VIII (1961c).
- IGLESIAS, F. “Teatro gallego en Argentina (El estreno de *Os vellos non deben de namorarse*)”. *Primer Acto* 120 (1970). 24-25.
- IZAGIRRE, K. “*Os vellos non deben de namorarse*, inda que sexan de Tolosa”. *Senez* 1 (1985). 83-89.
- L.S.F. [Luis Soto Fernández]. “Castelao no teatro portugués”. *Vieiros* 1 (1959).
- MAGÁN BLANCO, A. “Desde Santiago”. *Primer Acto* 120 (1970). 29.
- MANUEL MARÍA. “Noticia del teatro gallego”. *Primer Acto* 120 (1970). 8-17.
- MEMBIELA, R. de. “Desde Orense”. *Primer Acto*, 120 (1970). 30.
- MOLINARI, V. L. “Dos personas distintas y un solo actor verdadero”. *Galicia Emigrante*, 17 (1956).
- MONLEÓN, J. “Ante *Os vellos...*”. *Primer Acto* 120 (1970). 33.
- MOUNIN, G. “La traduction au théâtre”. *Babel* 14 (1969). 7-11.
- NEIRA VILAS, X. “*Os vellos non deben de namorarse...* Camagüey adiante”. *Rio* 6 (1999). 5.
- PALMÁS, R. *Castelao: prosa do exilio*. Montevideo: Edicións do Patronato da Cultura Galega, 1976.
- PAZ GAGO, Ch. “A pesar de algunos, esto es historia”. *La Voz de Galicia* 29-VI (2002).
- RABANAL, M. “*Os vellos non deben de namorarse*”. *La Noche* 22-VII (1961a).
- “Estructura simétrica de *Os vellos non deben de namorarse*”. *La Noche* 24-VII (1961b).
- “Escatología de *Os vellos non deben de namorarse*”. *La Noche* 25-VII (1961c).
- “Puntualizaciones”. *La Noche* 28-VII (1961d).
- RAMOS, E. “O porvir das traducións”. *O porvir da lingua galega*. Lugo: Círculo de las Artes, 1968. 87-94.
- SALVAT, R. *El teatro contemporáneo*. Barcelona: Edicions 62, 1966. 275-277.
- “Mi puesta en escena de *Os vellos non deben de namorarse*”. *Primer Acto* 120 (1970). 34-36.
- “La meva escenificació d’*Os vellos non deben de namorarse*, d’Alfonso R. Castelao”. *Els meus muntatges teatrals*. Barcelona: Edicions 62, 1971. 72-78.
- “Com vaig descobrir la figura de Castelao”. *Escrits per al teatre (Pròlegs i ponències)*. Barcelona: Publicacions de l’Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona, 1990. 103-106. Antes publicado en VV.AA., *Homenaxe multinacional a Castelao*, Madrid: Akal, 1976.
- “L’única obra teatral de Castelao”. *Escrits per al teatre (Pròlegs i ponències)*. Barcelona: Publicacions de l’Institut del Teatre de la Diputació de Barcelona, 1990. 107-111.
- SANTOYO, J.-C. “Traducciones y adaptaciones teatrales: ensayo de tipología”. *Cuadernos de Teatro Clásico* 4 (1989). 95-112.
- SEN SINATURA. “La obra teatral de Castelao será montada en el tablado de la Quintana por Rodolfo López Veiga”. *La Noche* 24-VII (1961).
- “Presentación en Portugal de *Os vellos non deben de namorarse*”. *Grial*

- 18 (1967). 512-513.  
— “Castelao y el teatro gallego”. *Primer Acto* 120 (1970). 6-7.  
— “O CDG representa a Castelao en español en Pontevedra e Santiago”. *A Nosa Terra* 1038 (2002). 24.

Dasilva, Xosé Manuel. “As traducións ibéricas de *Os vellos non deben de namorarse*”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edición do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

